



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 2 de xullo de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 2 de xullo de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 25/06/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/2953

Dáse conta do escrito de D. Cesar Roo Maneiro solicitando sinalización de "Ceda o Paso" en cruces das rúas Pino Manso con Revelle e camiño dos Borrizos con Revelle, a xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda colocar nos mesmos lugares novos postes e sinais verticais de ceda o paso e pintar sinalización horizontal de ceda o paso na bifurcación da rúa Pino Manso con rúa Revelle, e sinalización horizontal de ceda o paso na bifurcación da rúa Camiño dos Borrizos con rúa Revelle.

Dar conta á Policía Local e ó responsable de sinalización (Mario Vázquez).

PRP2018/2954

Dáse conta do escrito de Dona María Lemos González solicitando repintado de sinalización horizontal en vao permanente en rúa Sobran 24. Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a sinalización dos vados permanentes corresponde ós adxudicatarios da licenza. Únicamente procede a sinalización dos vaos o Concello cando se procede á sinalización completa dalgunha rúa.

PRP2018/2955

Dáse conta do escrito de Dona Carmen Suárez García e/n Asociación San Xosé denunciando o estacionamento de vehículos diante da capela de San Xosé. Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se faga un estudo de humanización do entorno da capela, coa finalidade de mellorar a situación actual da zona. Dar conta ó Arquitecto



Municipal, para que leve a cabo a realización do devandito estudo e plantexamento de alternativas.

PRP2018/2957

Dáse conta do informe da Policía Local en relación coa campaña de velocidade realizada co vehículo con instalación de cinemómetro cedido pola DGT durante o mes de abril e maio de 2018, rexistrándose controles a 11.411 vehículos, 309 infraccións denunciadas, que deron lugar ao inicio de outros tantos expedientes sancionadores.

Dáse conta así mesmo de que no ano 2017 producíronse nas Vías urbanas e rurais de Vilagarcía de Arousa 492 accidentes de circulación. Fronte aos 518 do ano anterior o que supón unha redución do 5%

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2959

Dáse conta do escrito de Unión Fenosa Distribución en relación os procesos de contratación de subministros eventuais de corta duración (festas, verbenas, etc), comunicando que a conexión de calquera instalación á rede de Unión Fenosa Distribución, S.A., solo poderá ser realizada por dita compañía.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2961

Dáse conta do escrito da Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa, comunicando as persoas designadas como representantes da Cámara de Comercio no Consello Económico e Social, Consello Local de Consumo e Consello Local da Muller.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2962

Visto o acordo do Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, de data 7 de xuño de 2018, de aprobación dos proxectos, regulamentos e follas de inscrición nas actividades deportivas “Verán Vilagarcía”, ano 2018, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar un prezo público de 5,00 € por participante, como cota de inscrición da Carreira Nocturna, categoría absoluta, que se vai a realizar dentro das actividades deportivas “Verán Vilagarcía” ano 2018, máis o importe de 1,00 € polo aluguer do chip, conforme ao Acordo Regulador nº 17 en vigor.

PRP2018/2963

Vistas solicitudes de D. Ricardo Santamaria Del Valle, titular do establecemento “LA MALQUERIDA” situado na Avda. da Mariña 56-BAIXO , D. Julián Alberto Domínguez Arias, titular do establecemento “LA PARRA DE JULIAN”, situado na Praza Martín Gomez Abal, 2-BAIXO, e D. Oscar Piñeiro Andujar, titular do establecemento “MIUDO”, situado na Rúa Romero Ortiz, 37 BAIXO, así como os informes incorporados aos expedientes emitidos pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de verán**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura/actividade coa que conta cada uns dos locais, sendo da seguinte maneira:



Nº DE EXPTE.	ESTABLECEMENTO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERA DE FESTIVOS
08/18-AMP.	LA MALQUERIDA	MALPARIDOS SL	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs.a 04:00 hs.
09/18-AMP.	LA PARRA DE JULIAN	JULIAN A. DOMINGEUZ ARIAS	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs.a 04:00 hs.
10/18-AMP.	MIUDO	OSCAR PIÑEIRO ANDUJAR	2.6.4. PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.

PRP2018/3009

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Sepymedical, S.L.** para o subministro de artigos de uniformidade para os socorristas nas praias de O Preguntorio, Concha-Compostela e Campanario, por un importe total de 767,38€ (IVE incluído), con cargo á partida 4591.22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3011

Dáse conta do escrito presentado por **D. Manuel Gómez Búa**, titular do establecemento "Tapería La Baldosa", situado en Rúa Baldosa nº 7-baixo, solicitando autorización para celebración dun concertó o día 5 de xullo, en horario de 21:00 a 23:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será a cargo do/a solicitante ou organizador calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.



A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/3012

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico Industrial e da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda instar a empresa **Promociones Gracomeca, S.L.** promotora das obras de demolición, do inmovible sito na rúa Edelmiro Trillo nº20, para que habilite unha beirarrúa supletoria, para o paso con seguridade dos peóns, de xeito que non teñan que invadir a calzada, durante o tempo que dure a demolición da edificación que está levando a cabo.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/2974

Dáse conta da lista de admitidos de bebés, das solicitudes presentadas fóra de prazo, da Escola Infantil Municipal para o curso 2018-2019, de conformidade co informe da Traballadora Social.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Emprego

PRP2018/2975

Dáse conta da Orde do 31 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia para o ano 2018.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Consellería de Traballo do Programa Integrado para o emprego PAE18 "Programa de apoio ao Emprego Concello de Vilagarcía 2018", cunha subvención máxima de 250.000,00 €.

A cofinanciación económica do Concello establécese en 15.000,00€ para o ano 2019, con cargo á partida 241-22799.

PRP2018/2976

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por **Dona Estela Varela Cardalda**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación



PRP2018/2980

Vista a proposta da Concellería de Educación, en relación coas axudas solicitadas polas ANPAS dentro do Plan Madruga, a Xunta de Goberno Local acorda:

A adxudicación do gasto e o recoñecemento de obriga a favor das seguintes entidades e polos importes que se indican, con cargo á partida 320.48003, para o período xaneiro-xuño, previa xustificación do gasto realizado:

ANPA AREALONGA	503,00 €
ANPA VAGALUME	503,00 €
ANPA DR. FLEMING	503,00 €
ANPA A LOMBA	503,00 €
ANPA DE RUBIANS	503,00 €
ANPA O PIÑEIRIÑO	503,00 €
ANPA ROSALÍA DE CASTRO	503,00 €
TOTAL	3.521,00 €

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/2981

Dáse conta da aceptación da desistencia do Concello de Vilagarcía de Arousa, a parte subvención outorgada para o financiamento do gasto corrente novo “Tecnoloxías Emerxentes: formación e Campamento Urbano-Tecnoverán”. Plan Concellos 2018-2019 Liña 2, pasa a ser de 1.557,65€ cun orzamento de 4.500,00€. E incorporar o crédito dispoñible por mor da desistencia 2.942,35€ a cantidade que lle corresponden ao Concello no reparto inicial do Plan Concellos 2018-2019. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2982

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Oftefor Oficina Técnica Forestal** o desenvolvemento do Campamento Urbano Medioambiental – Aula de Natureza, destinada a mozos e mozas de 12 a 16 anos e que se levará a cabo do 23 de xullo ao 3 de agosto, por un importe total de 3.509,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 2314.22624.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2018/2977

Dáse conta do escrito da Xefatura Provincial de Trafico de Pontevedra en relación á modificación do recorrido do tren turístico. Recorrido autorizado pola Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra o 19 de febreiro de 2018 cun prazo de validez de 1 ano (19 de febreiro de 2019) e sempre que nas vías autorizadas para realizar o recorrido non exista un cambio que afecta á súa circulación, facendo constar que o informe emitido pola Policía Local o 23 de



maio de 2018, non xustifica suficientemente a oportunidade de modificar a autorización concedida. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Medio Ambiente

PRP2018/2978

Dáse conta da solicitude do Grupo Municipal de Somos Maioría de información polas verteduras no río do con do 20 de xuño de 2018. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir copia do informe do servizo de emerxencia que figura no seu parte diario.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/2983

Vista a proposta da Concelleira delegada da área de Persoas Maiores, de reintegro do importe sobrance do orzamento da XXV Romaría das Persoas Maiores, debido á concesión dunha subvención da Deputación Provincial, dentro do programa Pontegal 2018, para pago das facturas de Asdimul e Asociación coral Rosalía de Castro. A Xunta de Goberno Local acorda reintegrar o importe de 450,00€ á partida 2313.22634.

PRP2018/2985

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira, S.L.** polo servizo dun autobús para a realización dunha excursión para un grupo de 55 persoas maiores a Carballiño, o día 12 de agosto de 2018, con motivo da celebración da Festa do Polbo de Carballiño, por un importe total de 385,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22634.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3008

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Elisa Estevez Rodríguez (Academia Elisa)**, para a realización dun curso de 10 horas teóricas e 10 horas prácticas no supermercado SUPECO de caixeira repoñedora, dirixido a mulleres usuarios do servizo con dificultades para inserción e con formación. Por un importe total de 400,00 €, con cargo á partida 2312.22799.

Acórdase así mesmo a aprobación do gasto dunha póliza de seguros por importe de 278,59€ Allianz-Ras Seguros y reaseguros S.A. de (Willis Galicia Correduría de Seguros, S.A.), con cargo á partida 2312-224.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/2990

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:



Como todos os anos durante a época estival no Carril celébranse as festas de carácter tradicional organizadas polas Comisións de festas e Asociacións sen ánimo de lucro. As festas de maior arraigo e tradición son as seguintes:

- Festa do Apóstolo Santiago
- Festa de San Fidel
- Virxe de Cortegada
- Festival Ameixa Rock

Estas festas dada a característica, plenamente marítima, do casco urbano do Carril, transcorren parcialmente ou teñen lugar en terreos portuarios dependentes do organismo Portos de Galicia.

Derivada da ocupación de terreos portuarios o organismo citado, liquida taxas ás comisións organizadoras dos eventos que na maioría dos casos ascenden nunhas contías mínimas e inferiores a 100€.

O Concello na súa condición de colaborador con medios humanos, materiais e outros, comprométese con carácter subsidiario ao pagamento das taxas que se liquiden por ese concepto en caso de impago das mesmas.

Así mesmo o Concello considera que este compromiso conlevará a non existencia de garantías ás comisións de festas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acorda aprobar a citada proposta da Alcaldía.

PRP2018/2991

Vista a solicitude de Dona Juliana Garrido Pérez, en representación do **C.P.R. Sagrada Familia**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 14 de decembro de 2018, durante todo o día, para a celebración do Festival navideño de Panxoliñas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

PRP2018/2992

Dáse conta da proposta de contrato de patrocinio entre a Empresa Gadisa Retail, S.L.U. e o Concello de Vilagarcía de Arousa no que se establecen as cláusulas de patrocinio, e que ten como obxecto a colaboración no desenvolvemento das Festas de San Roque 2018, que se levará a cabo entre o 9 eo 19 de agosto, e polo que a citada Empresa aporta a cantidade de 4.000,00 € (exento de IVE)

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a sinatura do citado contrato de patrocinio.



PRP2018/2993

Vista a solicitude de D. José Luís Ríos Martínez, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 13 de xullo de 2018, en horario de 10:30 a 12:00 horas, para a celebración dunha Asemblea de Emigrantes, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/2994

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o seguinte contrato ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Mulleres Rurais A Piñousa de Cea, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Suministro e instalación de cortinas para o salón da Casa de Cultura de Cea	1.800,00€	Decoración Xiabre(Roberto Ocaña Novoa)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2995

Vista a solicitude de Dona M^a Carmen Doval Abuín, en representación da **Asociación MMRR Perla de Arosa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de San Antonio o 8 de xullo:

- Actuación da Asociación Cultural Cortegada, o día 5 de xullo, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2996

Vista a solicitude de Dona M^a Jesús Suárez García, en representación de **Kalderon Producións, S.L.**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 11 de outubro de 2018, durante todo o día, para a celebración dun concerto a cargo do Luar na Lubre presentado "Ribeira Sacra", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Este concerto terá un prezo de entrada de 10,00€ en anticipada e 22,00€ en taquilla. A recadación da mesma será para a entidade solicitante, sendo a cargo deste o gasto bancario ou de Correos correspondente ao ingreso de recadación de venda de entradas en taquilla.



Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/2595

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a produción das actuacións do evento cultural FESTIVAL VILABLUES 2018, os días 13, 14 e 15 de xullo, sendo necesario o aluguer de material, así como a contratación externa do son, iluminación, montaxe e desmontaxe, catering, etc. A Xunta de Goberno Local acorda, a adxudicación dos seguintes contratos menores, vistas as ofertas adxuntas:

- Mulas Produccións, S.L.: Producción técnica e promoción (escenario, equipo de son, persoal técnico, persoal vixiancia, deseños de cartelería e distribución e catering), por importe de 13.733,50€, con cargo á partida 334-22799
- Despertando Sociedad de Gestión Inmobiliaria y Náutica, S.L., polo aluguer de baños químicos dende o día 12 de xullo ao 16 de xullo, por importe de 1.573,00€, con cargo á partida 311-203.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/2997

Mediante resolución do 21 de maio de 2018, a directora xeral de Administración Local, por delegación do Vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, acordou concederlle ao concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención por importe total de 12.441,50€, para o proxecto denominado “Mellora da rede de saneamento (Mellora do bombeo de Bamio”.

Tramitado expediente de contratación, mediante contrato menor, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, presentáronse as seguintes ofertas:

LICITADOR	Oferta IVE excluído
AQUANOR	15.129,75
Groma Obras, S.L.	11.171,44
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	15.360,15
Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.	12.980,00

Consultado o obxecto social da empresa Groma Obras, S.L., no Rexistro Mercantil, ao ser a oferta economicamente máis vantaxosa, conta o seguinte: “CNAE 4121: Construcción de edificios residenciales; CNAE: 4122: Construcción de edificios no residenciales”. Requerido o licitador ao obxecto e que presente a escritura de constitución e/ou modificativa onde conste o seu obxecto social actual, remite dúas escrituras de datas 11 de abril de 2016, de constitución da sociedade e de data 10 de xullo de 2017 de cambio de domicilio social, onde non constan outro obxecto social que o citado e inscrito no rexistro mercantil.



Visto o que antecede o licitador Groma Obras, S.L., foi excluído da licitación por non corresponderse o seu obxecto social: "CNAE 4121: Construcción de edificios residenciales; CNAE: 4122: Construcción de edificios no residenciales", co obxecto do contrato que se licita. Comprobo obxecto social da empresa que presenta a seguinte mellor oferta (Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.), no rexistro mercantil consta, entre outros, o seguinte: "Obras hidráulicas, recogida, tratamiento, distribución y evacuación de aguas limpias y residuales (CNAE: 4291)" o que se corresponde co obxecto do contrato que se licita.

A clasificación das ofertas por orde decrecente de puntuación é a seguinte:

LICITADOR	Oferta IVE excluído	Puntos
Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.	12.980,00	56,82
AQUANOR	15.129,75	5,50
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	15.360,15	0

Visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de obras denominado "Mellora do bombeo de Bamio", á empresa Transportes e Construcciones Dieguez, S.L. (B36118222), por un importe de 12.980,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.141,60€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 16.121,60€. (Proxecto (2) 01/21/2018).

2.- Nomear director de obra ao redactor do proxecto don Óscar Álvarez González

PRP2018/2998

Dáse conta do seguinte Informe emitido pola secretaria en relación cos dous recursos presentados pola empresa Stradia Infraestructuras, S.L. con data 16 de maio de 2018, contra os acordos de execución parcial do aval depositado no seu día, con motivo das obras de execución de Urbanización e Remodelación do Entorno da Praza de España 1ª Fase.

En primeiro lugar procede enumerar os trámites administrativos realizados dende o 25 de abril de 2017 ata a actualidade:

1	Acta de Recepción da obra de data 7 de agosto de 2015
2	Informe do Director de Obra de 25 de abril de 2017, expoñendo que non se realizan as tarefas de mantemento por parte da empresa.
3	Notificación a Stradia Infraestructura, S.L. do informe anterior, con data 05/05/2017.
4	Acordo Xunta de Goberno Local (PRP 2017/2067) de 8 de maio de 2017 incidindo na falta de mantemento da zona axardinada.
5	Solicitude da empresa para reunión cos técnicos do Concello e responsable. (25/05/2017)
6	Contestación á solicitude fixando reunión para o día 6 de xuño, ás 12 h no Concello. Notificada o 2 de xuño.
7	Correo electrónico confirmando hora de reunión entre a empresa e o Concello.
8	Informe do Director de Obras de 20 de setembro de 2017, fixando o importe dos traballos a realizar en 10.607,43 € para corrixir as deficiencias.
9	Acordo da XGL de 25/09/2018 (PRP 2017/4303) establecendo que os traballos precisos por importe de 10.607,43 € serán executados polo Concello ou Empresa externa con cargo á fianza.
10	Notificación a ABANCA do acordo da XGL 25/09/2018. Notificado o 11/04/2018.
11	Notificación a Stradia do acordo da XGL 25/09/2018. Notificado o 20/10/2018
12	Alegacións de Stradia ao acordo XGL 25/09/2018, con entrada no Rex.Xeral o



	25/10/2018, solicitan se deixe sen efecto o acordo e solicitan unha nova reunión.
13	Outras alegacións de Stradia ao acordo XGL 25/09/2018, con entrada no Rexistro Xeral o 10/11/2018, manifestan o desacordo por entender que se trata de erros do proxecto.
14	Informe do Director de obras de 14/02/2018, establecendo que non procede a devolución do aval e valora a reposición dos desperfectos empregando as partidas do proxecto.
15	Acordo XGL 19/02/2018 desestimando as alegacións; non proceder á devolución do aval e encomendar á empresa externa os traballos de reparación das zonas axardinadas.
16	Varios intentos de notificación do acordo 19/02/2018, notificado finalmente o 16/04/2018
17	Notificación ABANCA do acordo 19/02/2018 en data 11/04/2018.
18	Recursos de Reposición presentados por Stradia Infraestructura, S.L. o día 16 de maio de 2018 contra o Acordo da XGL de 19/02/2018 e contra a Resolución de Alcaldía de 17/04/2018 (Tesourería)
19	Acordo adoptado pola XGL en sesión celebrada o día 11 de xuño de 2018 adxudicando a Viveros o Piñeiro, S.L. por importe de 7.925,00 € os traballos a realizar nas zonas axardinadas con cargo á fianza da empresa Stradia Infraestructuras, S.L.

Tendo en conta os antecedentes descritos que avalan os trámites realizados polo Concello dende o 25 de abril de 2017 ata a actualidade e polo tanto durante un período de tempo superior a 1 ano, e que sempre foron notificados á Empresa xunto cos correspondentes informes técnicos, acreditan, que non se causou indefensión a Stradia Infraestructuras, S.L. O artigo 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratación do Sector Público, establece que: aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades, se devolverá a garantía constituída ou se cancelará o aval ou seguro de caución.

Tendo en conta que non se realizaron as tarefas de mantemento á que estaba obrigada a empresa e que figuran descritas nos informes técnicos remitidos no seu día, non procede a devolución da garantía definitiva e pode procederse a súa execución parcial. A Xunta de Goberno Local acorda DESESTIMAR os dous recursos de reposición interpostos en data 16/05/2018 pola empresa Stradia Infraestructuras, S.L., en base ao informe transcrito, facendo constar ademís que a propia empresa recoñece a existencia das deficiencias, ao presentar xuto cos recursos, un informe dun Enxeñeiro Técnico Agrícola no que se valora a reparación das zonas axardinadas en 4.147,97€.

PRP2018/2999

Dar conta da Resolución do DECA (directrices de execución e condicións de axuda) do programa operativo FEDER 2014-2020 (VGL LA23 Marmonta), creación dun parque metropolitano de unión mar-montaña reforma y humanización Praza Independencia e un tramo da rúa San Roque. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/3001

Dar conta da notificación da Resolución da Consellería de Política Social de concesión de subvención por importe de 21.551,43€ para "Mellora Accesibilidade en Viais coñecidos como Travesías Alejandro Cerecedo". A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2018/3003

Dáse conta da orde do 30 de maio de 2018 pola que se convocan axudas para financiar traballos de conservación o enriquecemento de bienes inmuebles do Patrimonio Histórico Español, dentro do Programa 1,5% Cultural do Ministerio de Fomento.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto de Renovación e condicionamento do Xardín Botánico Enrique Valdés Bermejo, redactado polo Arquitecto Municipal D. Xoan Xosé Rodríguez Cuiña, por importe de 60.667,97€ (IVE engadido).

2.- Solicitar ao Ministerio de Fomento Secretaria de Estado de Infraestructuras, Transporte y Vivienda, ao abeiro da orde do 30 de maio de 2018, o financiamento do citado investimento nunha porcentaxe do 75%.

Comprometendose ó Concello a unha achega do 25% restante.

PRP2018/3004

Dáse conta da concesión dunha subvención pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, por importe de 68.883,82€, para a mellora do firme do Polígono Industrial de Trabanca Badiña, Comprometéndose o Concello a realizar unha aportación municipal por importe de 17.138,46€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/3013

Dáse conta da orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio do 18 de maio de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións públicas con cargo aos orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:

1- Aprobar a solicitude para o proxecto denominado “Mellora Bombeo e Impulsión de augas residuais e conexión de colector eR/ Sobreiral na parroquia de Cea”, redactado polo Enxeñeiro Técnico Óscar Álvarez González, cun importe (IVE excluído) de 75.990,84€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 15.958,08€, o que totaliza un importe de licitación de 91.948,92€.

2- Aprobar a solicitude de subvención por unha cantidade de 12.000,00€ sen IVE. Polo que o Concello deberá achegar a cantidade de 79.948,92€, para completar o orzamento do proxecto.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/3066

Dáse conta da rendición de contas de pagos a xustificar que presenta **Dona Luz M^a Abalo Pérez**, provisión de fondos aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2018 para pagar os únicos gastos asumidos polo Concello da Comida de Santa Rita/2018:

Xustificantes 439,03 €

Recibido 499,02 €

Diferenza ingresada en cta./Tesourería 59,99€

A Xunta de Goberno, visto o informe de Intervención Municipal acorda aprobar a rendición de contas e pagos a xustificar presentada.



PRP2018/3069

Dáse conta da rendición de contas de pagos a xustificar que presenta **Dona Luz M^a Abalo Pérez**, provisión de fondos aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 14 de maio de 2018 para pagar os gastos das Festas de Santa Rita 2018:

Xustificantes 28.737,50€

Recibido 28.737,50€

Diferenza ingresada en cta./Tesourería 0,00 €

A Xunta de Goberno, visto o informe de Intervención Municipal acorda aprobar a rendición de contas e pagos a xustificar presentada.

PRP2018/3077

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, correspondentes a gastos do Obradoiro de Emprego FORME 17, cun importe total de 2.542,31€, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2018/72):

Nº Factura	Registro	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2018/3716		2018 2412 22199	682,40	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 02/03/2018 - 05/04/2018 1.061,06 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AG
F/2018/3716		2018 135 22100	682,41	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 02/03/2018 - 05/04/2018 1.061,06 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AG
F/2018/4430		2018 2412 22199	29,91	GANDARA GONZALEZ JUAN A.	ENTRONQUE M 15x3/8" LATON SOLDAR-ROSCAR / VALV. MONOTUBO 4V.HORZ.M87 1/2" 50%CAUD. / ORDEN DE COMPRA 558 / RESPONSABLE
F/2018/4574		2018 2412 22199	336,05	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 06/04/2018 - 04/05/2018 518,48 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AGUS
F/2018/4574		2018 135 22100	336,06	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 06/04/2018 - 04/05/2018 518,48 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AGUS
F/2018/4651		2018 2412 22199	9,22	GANDARA GONZALEZ JUAN A.	GANCHO PARA CANALÓN 250 MM GRIS / OBRADOIRO / ORDEN DE COMPRA 567 / RESPONSABLE DE COMPRA MARIA DOLORES PIÑEIRO REY / S
F/2018/4654		2018 2412 22199	75,50	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	GUANTE MASTER N GP 016
F/2018/4676		2018 2412 22199	68,00	GANDARA GONZALEZ JUAN A.	MACHON DOBLE 1" LATON ROSCAR / CODO M.H. 1" LATON ROSCAR / VALVULA ESFERA 1" M.H. / COLLARIN SIMPLE 63 - 1" FITTINGS / E
F/2018/4682		2018 2412 22199	204,48	DIGAMEL AROUSA, S.L.U.	CANAL 50X130 PVC 93022-2/CANAL 50X130 PVC 93022-2 / DEIXAR DETRAS DA LOMBADEIXAR DETRAS DA LOMBA / PROTECION CIVILPROTECI
F/2018/4683		2018 2412 22199	2,65	DIGAMEL AROUSA, S.L.U.	TAPA FINAL PARA CANAL 50X130 93372- 2/TAPA FINAL PARA CANAL 50X130 93372-2



F/2018/4781	2018 2412 22199	115,63	GANDARA GONZALEZ JUAN A.	SIFON SENC. RACORD EXTENS. 1""1/2 / SIFON SENCILLO URINARIO 1""1/2 / ASIENTO COMPLETO INODORO UNIVERSAL BL. / ORDEN DE COM
TOTAL		2.542,31		

PRP2018/3078

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 114.052,57€, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2018/70):

Nº Registro Factura	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2018/304 2	2018 920 22604	126,02	PORTELA Y FDEZ. PROCUR., C.B.	PROC. ABREVIADO 191/2012 NO XULGADO CONTENCIOSO Nº 2 DE PONTEVEDRA CONTRA ROSA OTERO PIÑEIRO. ADMON. XERAL.
F/2018/357 9	2018 920 22699	392,13	COLEGIO ABOGADOS PONTEVEDRA	CUOTA ANUAL CONSELLO XERAL ABOGACIA 2018 DE MANUEL FRANCO LEIS. ADMON. XERAL.
F/2018/363 6	2018 920 22000	822,81	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Sobres americanos autodex SV a 1/0 tintas / Sobres bolsa CON FRANQUEO, autodex sin ventana a 1/0 tintas / Sobres bolsa a
F/2018/403 1	2018 320 213	116,45	E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	T.CUADRADO S.GALVA 20X20X1.5 / PLETINA CINCADA 30X4
F/2018/415 1	2018 920 224	5.158,72	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO DE PEQUEÑA Y MEDIANA EMPRESA / Póliza 31074084 / Periodo de cobertura: del 01-01-2018 al 01- 01-2019 / EDIFICIOS D
F/2018/415 5	2018 334 22609	484,00	MUSTRAMIT, S.L.	Actuación / Sol. Num. 180525093149 / Juan Manuel Vicente González - 35473457M / Lorena Pérez da Silva - 35463457X / Dat
F/2018/422 1	2018 1623 22700	94.600,24	SOGAMA, S.A.	Tratamiento RU Mes Maio 2018 (AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA)
F/2018/439 4	2018 2313 48401	360,00	EMPRESA PEREIRA, S.L.	IMPORTE BONO-BUS PENSIONISTAS DO MES DE MAIO 2018 (36 RECARGAS). PERSOAS MAIORES.
F/2018/442 0	2018 338 22699	2.178,45	SOC. GRAL. AUTORES Y EDITORE	0003358755 PARQUE DA XUNQUEIRA PARQUE DA XUNQUEIRA , VILAGARCIA (SANTA EULALIA 36600 VARIEDADES CONCIERTO GONZALO ARCA 1
F/2018/442 3	2018 453 214	441,65	NEUS J. SANTORUM, S.L.	AMORTIGUADOR DELANTERO DERECHO REF. 338735 (MATRICULA VEHICULO 2338GHV) / AMORTIGUADOR DELANTERO IZQUIERDO REF. 338736
F/2018/458 7	2018 334 22609	225,00	ASOC. CULT. MALVEIRAS	ACTUACION GRUPO DE GAITAS CELEBRACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS O 17/05/18. CULTURA.
F/2018/458 8	2018 338 22699	391,00	ASOC. CULT. MALVEIRAS	ACTUACION DO GRUPO DE GAITAS NAS FESTAS DE SANTA RITA O DIA 22/05/2018. FESTAS POPULARES E FESTEXOS.
F/2018/459 1	2018 334 22609	225,00	ASOC. CUL. POLIFONICA VILAXOAN	ACTUACION MISA CORPUS - VILAXOAN O 03/06/2018. CULTURA.
F/2018/460	2018	900,00	LOPEZ FIGUEIRA, M ^a	CURSO MANUALIDADES PINTURA



6	334 22703		JESUS	DE XANEIRO A ABRIL. CULTURA.
F/2018/460 7	2018 338 22699	883,30	MARTINEZ FERNANDEZ, MARIA NURIA	SERVIZO DE CATERING COMPARSAS E ENTERRO DA SARDIÑA. FESTAS POPULARES E FESTEXOS.
F/2018/462 4	2018 334 22637	1.500,72	EDITORIAL GALAXIA, S.A.	LEONARDO E OS FONTANEIROS (ED.ESPECIAL UBU TEATRO- GALAXIA)
F/2018/462 5	2018 334 22637	510,24	EDITORIAL GALAXIA, S.A.	LEONARDO E OS FONTANEIROS (ED.ESPECIAL UBU TEATRO- GALAXIA)
F/2018/462 7	2018 171 213	261,07	TROQUIÑA, S.L.	Rect. Emit- 18097 / Tuberia 17/120 - 2,3L/H - cada 30 cm. / Tubo polietileno agricola 25 -6 atm. / Codo unión dentada 17
F/2018/463 0	2018 320 212	26,68	E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	MALLA GALVA 3000X1500X50X50X4 (PROMOCION EDUCATIVA COLEGIO DE RUBIANES REPARACION DE CIERRE)
F/2018/463 2	2018 170 22699	92,79	E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	CHAPA BASCULANTE 6000X210X0.8 (MEDIO AMBIENTE PUERTA PUNTO LIMPIO) / T.RECTANGULAR GALVA 40X30X1.5 / PLETINA CINCADA 4
F/2018/463 3	2018 454 214	102,85	RECOUSO PADIN JOSE MANUEL	PARSOL (REP.VEHICULO E- 5987BCT) / HORAS (REP.VEHICULO E5987BCT)
F/2018/463 6	2018 334 22703	217,99	APA CENTRO SAIAR	SUBMIN. ALMOFADAS VARIAS E PUZZLES 3 PEZAS PARA CURSO BOLILLOS CASA CULTURA DE RENZA. CULTURA.
F/2018/464 0	2018 453 213	217,27	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	MASCARILLA NR FFP2 V EN149 / D. DIAM. GRANITO TL D:230 MM
F/2018/464 1	2018 3261 213	544,50	GALBAN ZARAGOZA CARLOS	SUBMIN. VINTE ATRILES WITTNER, I FESTIVAL INTER. CLASCLAS 2018. CONSERVATORIO.
F/2018/464 3	2018 920 22000	478,35	PAPELERIA ARINES, C.B.	SUBMINISTRO MATERIAL OFICINA. ADMN. XERAL.
F/2018/465 6	2018 920 213	169,88	INSERPyme GLOBAL, S.A.	1 (CONTRATO MTO. CENTRALITA C. VILLAGARCIA - MAYO)
F/2018/465 7	2018 334 213	26,62	INSERPyme GLOBAL, S.A.	Rect. Emit- 8 / 1 (CONTRATO MTO. CENTRALITA C. VILLAGARCIA AUDITORIO - MAYO)
F/2018/465 8	2018 2312 22615	450,30	ASOCIACIÓN NÓS MESMAS	ORGANIZACIÓN, E PARTICIPACIÓN DAS XORNADAS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO EN DASeX O 31 DE MAIO DE 2018.
F/2018/467 0	2018 334 22609	1.089,00	MUSTRAMIT, S.L.	Actuació/n / Sol. Num. 180415205306 / Maria Mercè Palacios López - 45957474R / Laura Solla Gómez - 77461394Q / Carolina
F/2018/467 5	2018 161 22700	937,20	MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L.	LIMPIEZA COLECTORES EXTRA / LIMPIEZA DE COLECTORES (JORNADA EXTRA DE TARDE) / LIMPIEZA COLECTORES EXTRA (FIN DE SEMANA)
F/2018/467 7	2018 161 213	60,98	E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	REDONDO CORRUGADO DE 25 (CARETERAS)
F/2018/467 8	2018 320 212	57,37	E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	T.RECTANGULAR GALVA 100X50X3.0 (CEIP A LOMBA : REPARAR PORTALON)
F/2018/478 7	2018 931 22699	3,99	REGISTRO MERCANTIL CENTRAL, C.B.	CONSULTA DE INFORMACION MERCANTIL O DIA 29-05-2018. POLIT. ECO. E FISCAL.



TOTAL	114.052,57		
--------------	-------------------	--	--

PRP2018/3079

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes provedores, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 2.536,18€, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2018/50):

Nº Factura	Registro	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2018/1757		2018 165 22100	254,49	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.865kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/1778		2018 334 22100	126,58	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/2110		2018 161 22100	35,65	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/2111		2018 161 22100	37,21	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (4.417kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/2112		2018 161 22100	86,03	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889kW * 38.043426 Euros/kW y año * (22/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/2113		2018 165 22100	221,31	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (4.378kW * 38.043426 Euros/kW y año * (32/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/2114		2018 161 22100	63,42	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/2115		2018 165 22100	264,02	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (6.105kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/2116		2018 334 22100	69,50	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (3.3kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializació
F/2018/2117		2018 165 22100	401,85	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (10.441kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2018/2118		2018 161 22100	74,79	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (6.928kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/2119		2018 165 22100	418,13	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (12.481kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2018/2120		2018 161 22100	40,15	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (4.417kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/2121		2018 165 22100	18,76	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (2.3kW * 38.043426 Euros/kW y año * (29/365) días) / Importe por margen de comercializació
F/2018/2122		2018 165 22100	192,92	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.865kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2018/2123		2018 165 22100	234,44	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (9.9kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializació
F/2018/2124		2018 165 22100	378,00	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso estimado (6.6kW * 38.043426 Euros/kW y año *



				(30/365) días) / Importe por margen de comerc
A/2018/29	2018 165 22100	-254,49	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.865kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) ANUL. POR ABONO 2018/29.
A/2018/30	2018 334 22100	-126,58	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889kW * 38.043426 Euros/kW y año * (31/365) días) ANUL. POR ABONO 2018/30.
TOTAL		2.536,18		

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.